

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XUNZIOKE		26-11-15 15:01

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/37/2015

27066DXUNZI0L01



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D^a. MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D^a. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENCIAS:

Non houbo ausencias.

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN):

D. SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARÍA LUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 24 de novembro de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

A.-15.11.24/RES.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte do Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

2.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.

A.- URB/174/2015.- 16241006Q PEREZ RUIZ, ROSA M^a

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Rosa María Pérez Ruíz, con DNI 16241006Q, e domicilio a efectos de notificación en Praza Maior, 3, P2, Viveiro, para executar obras no inmovible de referencia catastral 3354911PJ1335S0001BO, sito na rúa J. García Junceda, nº 10, en Viveiro, consistentes na substitución de cuberta da vivenda unifamiliar citada. O 9 de xullo ingresou os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais. Coa solicitude achegou proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos, D^a. Belén Rodríguez Rivas e D. Emilio Casariego Baamonde, visado polo COAG en data 14 de maio de 2015 co número 1502862 e oficio de dirección facultativa a favor dos anteditos arquitectos.

Vista a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, autorizando as actuacións propostas suxeitas ao cumprimento das condicións que nela se reflicten

Visto o informe técnico favorable, emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, co visto e praxe do arquitecto municipal. No referido informe sinalase que, segundo a solicitude presentada, a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística.

Visto o informe favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

- De conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico.

- Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables indícase que a ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

- O inmovible sobre e que se pretende actuar atópase no contorno de protección da Porta do Cristo ou da Vila (elemento declarado BIC) polo que, de conformidade co disposto no punto 11 do Anexo do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, as actuacións urbanísticas dentro das áreas de protección definidas nas letras a), b) e c) precisarán do informe previo da Comisión Provincial do Patrimonio, que terá carácter vinculante; segundo se indica no apartado segundo de antecedentes, consta no expediente o informe favorable nesta materia, que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

- Non se poderá modificar a volumetría, alturas, pendentes nin imaxe exterior do edificio.
- A cuberta rematarase con lousa irregular do país.
- Os canlóns e baixantes deberán ser en cinc ou cobre de sección semicircular e circular respectivamente.
- Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará de autorización da Consellería de Cultura.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

Primeiro.- Outorgar a D^a Rosa María Perez Ruiz, licenza municipal para executar obras no inmovible de referencia catastral 3354911PJ1335S0001BO, sito na rúa J. García Junceda, nº 10, en Viveiro, consistentes na substitución de cuberta da vivenda unifamiliar citada de acordo co proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos, D^a. Belén Rodríguez Rivas e D. Emilio Casariego Baamonde, visado polo COAG en data 14 de maio de 2015 co número 1502862 e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, e das de obrigado cumprimento establecidas polo órgano competente en materia de protección do patrimonio, a presente licenza sométese ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES, que de seguido se transcriben:

- Os entullos xenerados na execución das obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

B.- URB/259/2015.- A80907397 VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

Vista a solicitude de licenza presentada por Vodafone España SAU, con CIF A80907397, e domicilio a efectos de notificación en Avda. Severo Ochoa, Polígono Industrial A Grela, Bens, 1, C.P. 15008 A Coruña, para Estación Base de Servizos

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

de Telecomunicacións . Segundo o proxecto técnico presentado co anterior escrito, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Jorge Sánchez Barros, visado polo colexio profesional correspondente o 30/9/2014 co número 2514/14, denominado “*Proyecto de legalización para estación base de telefonía móvil en infraestructura existente de Retegal*” sita no Polígono 59, parcela 2922, en Monte Castelo-Viveiro, trátase de aproveitar unha infraestrutura xa existente, propiedade de RETEGAL, composta por unha torre de celosía de 60 metros de altura e caseta para garda de equipos, conxunto ubicado no interior dun recinto valado, propiedade igualmente de RETEGAL; a instalación dos novos equipos de VODAFONE farase utilizando as infraestruturas existentes. A maiores, Vodafone proxecto levar a cabo obras de acondicionamento e acabados da estación base. O 17 de setembro de 2015 requiríuselle á solicitante interesada o pagamento das taxas municipais, resultando acreditado no expediente o o seu ingreso en data 8 de outubro de 2015.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. No referido informe sinálase que a clasificación do solo é rústico especialmente protexido, resultándolle de aplicación a Ordenanza 9 da OUP. Manifesta que se achega xustificación do cumprimento da ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de instalacións de telefonía móbil persoal e outros de telecomunicacións e de difusión, e engádesse que o enxeñeiro técnico industrial redactor do proxecto fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- De conformidade co establecido polo artigo 195.1 da LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos.

A ordenación urbanística provisional vixente no municipio de Viveiro (OUP) é a contida no Anexo ao Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (publicada no D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006); dita ordenación foi modificada polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010).

En virtude do disposto na Disposición Transitoria segunda da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA, os decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da entrada en vigor desta lei de

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

reforma (20.4.2010) manterán a súa eficacia, como norma de dereito transitorio, ata a data de entrada en vigor do correspondente plan xeral de ordenación urbana.

Aínda que o informe técnico non o menciona expresamente, debe reseñarse que as instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicación regúlanse no artigo 33.2, letra e) da LOUGA dentro das actividades e usos construtivos posibles en solo rústico e que o artigo 37.1 posibilita que tales usos e actividades sexan outorgados por licenza municipal directa nos solos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestruturas. Respecto do cumprimento das condicións xerais das edificacións en solo rústico e das adicionais para outras actividades construtivas non residencias, establecidas nos artigos 42 e 44 da LOUGA, a comprobación do seu cumprimento é función do informe técnico ao do que deriva, por ser favorable, a adecuación das actuacións propostas (tanto as de legalización das actuacións como as novas solicitadas) á legalidade urbanística e ao planeamento de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Respecto da **solicitud de legalización**: Declarar legalizadas as instalacións existentes na finca de referencia catastral 27067 A059029220000XX sita no Polígono 59, parcela 2922, en Monte Castelo-Viveiro, consistentes nunha infraestrutura composta por unha torre de celosía de 60 metros de altura e caseta para garda de equipos, conxunto ubicado no interior dun recinto valado, propiedade de RETEGAL.

Segundo.- Outorgar licenza municipal o acondicionamento e acabados da estación base e instalación de novos equipos na infraestrutura existente, segundo se describe no proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Jorge Sánchez Barros, visado polo colexio profesional correspondente o 30/9/2014 co número 2514/14, denominado "*Proyecto de legalización para estación base de telefonía móbil en infraestructura existente de Retegal*", e baixo a súa dirección facultativa.

Terceiro.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento da seguinte **CONDICIÓN PARTICULAR: Deberase achegar certificado de fin de obra correspondente á legalización, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.**

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Sexto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

3.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.

A.- URB/271/2015.- XDA489050 RODRIGUEZ FRANCO, JORGE MANUEL

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Jorge Manuel Rodríguez Franco, con NIF XDA489050, e domicilio a efectos de notificación en Rúa Fernández Victorio, 13, Viveiro, para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita na rúa Fernández Victorio, nº 13, en Viveiro, de referencia catastral 3354516PJ1335S0002RP. Coa solicitude achegou proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 24 de setembro de 2015, co número 1506095 e oficio de dirección igualmente visado, a favor do antedito facultativo. Segundo se describe na memoria do proxecto técnico, as actuacións consistirán, substitución da cuberta na súa totalidade por outra similar con estrutura de madeira e aceira e cubrición de pizarra de gran formato simplificando o faldrón posterior da actual cuberta quegrada por outro a unha sola auga eliminando o plano que vertía ao interior; súbese lixeiramente a altura da cubriera para facilitar a saída á terraza, igualándoa coa da cuberta colindante polo oeste que noutro tempo formou parte da mesma edificación. O volume resultante é similar ao existente. O 16 de outubro de 2015 foron abonados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras, e selo municipal.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da oficina de rehabilitación do casco histórico de Viveiro, co visto e prace do arquitecto municipal. Sinálase no referido informe que, segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística así como coa normativa técnica aplicable.

Visto o informe xurídico favorable, emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- Consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actual atópase no catálogo-inventario do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

Do informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Jorge Manuel Rodríguez Franco, licenza municipal para substitución de cuberta en vivenda unifamiliar sita na rúa Fernández Victorio, nº 13, en Viveiro, de referencia catastral 3354516PJ1335S0002RP, conforme ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 24 de setembro de 2015, co número 1506095 e baixo a súa dirección facultativa.

Concello de Viveiro



<i>Dependencia</i> XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL 62.- MOC		
<i>Documento</i> XUNZIOKE	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 26-11-15 15:01

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase obter autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

4.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

A.-15.11.24/SEG.- ANDRES LÓPEZ BLANCO, S.L.

Vista a solicitude de Don Miguel Chao Martínez, en nome e representación de ANDRES LOPEZ BLANCO, S.L., de licenza de segregación do local de referencia catastral 3456507PJ1335N0010EU existente na entreplanta do edificio construído na rúa Rego das Flores, nº 9, en Viveiro, **con uso de trasteiro.**

Visto que segundo consta no informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que a superficie total actual do local referido (finca matriz) é de 253,45 metros cadrados, da que se pretende segregarse unha porción (local identificado co número 10), de corenta e dous metros metros cadrados e oitenta e tres centímetros cadrados (42,83 m²); unha vez efectuada a segregación, a

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

finca matriz quedará con unha superficie de douscentos dez metros cadrados e sesenta e dous centímetros cadrados (210,62 m²), mantendo o ambos locais o uso de trasteiro. O 5 de outubro de 2015, en resposta ao previo requirimento, a mercantil interesada ingresou as taxas municipais correspondentes na mesma data de 5 de outubro

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal no que sinala que o obxecto do presente expediente é a segregación dun local en entrechán sen uso específico en dous locais independentes sen uso específico, coa seguinte superficie:

Local matriz: 253,45 m².

Locais resultantes:

Local A (Nº 10): 42,83 m².

Local B: 210,62 m².

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que:

- O artigo 17.2 do Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo esixe, para autorizar escrituras de segregación ou división de fincas (definidas como a unidade de solo ou de edificación atribuída exclusiva e excluíntemente a un propietario ou varios proindiviso), a acreditación documental da conformidade, aprobación ou autorización administrativa a que estea suxeita, de ser o caso, a división ou segregación conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

- O artigo 194.2 letra f) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia –LOUGA- somete a previa licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións procedentes de acordo coa lexislación aplicable, as segregacións ou outros actos de división de fincas en calquera clase de solo.

- E segundo o establecido no artigo 10.3, letra b) da Lei de Propiedade Horizontal, esíxese autorización administrativa en todo caso, para (entre outros) os actos de división material dos pisos ou locais e dos seus anexos, para formar outros mais reducidos e independentes; o aumento da súa superficie por agregación doutros colindantes do mesmo edificio ou a súa diminución por segregación de algunha parte (...)

- Das normas mencionadas cabe concluir que:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

- A actuación solicitada consiste na división dun local que forma parte dunha propiedade horizontal e que constitúe finca rexistral (está inscrita, según manifesta o interesado, ao Tomo 690, libro 268, Folio 45, Finca 27499 do Rexistro da Propiedade de Viveiro).
- Como tal, a división solicitada atópase suxeita a licenza municipal.
- A división proposta cumpre coa normativa de aplicación, tal e como informa o arquitecto municipal.

- A segregación solicitada non autoriza, en ningún caso, o cambio de uso actual do local (trasteiro).

Resultando que, no informe técnico se manifesta que se trata dunha segregación dun local sen uso específico, e que no informe xurídico se sinala que se trata dunha segregación dun local con uso de trasteiro, indicándose así mesmo que dita segregación non autoriza o cambio de uso actual do local (trasteiro), tenco en conta a discrepancia observada entre ambos informes no tocante ó uso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Remitir o referido expediente ó Departamento de Urbanismo, ós efectos de aclarar a discrepancia observada.

5.- LICENZAS DE ENTRONCAMENTOS DE AUGA.

A.-15.11.24/AUG.- D. VICENTE NOVO CIBREIRO. EXPTE. 5/14.

Vista a solicitude de D. Vicente Novo Cibreiro, con DNI 79.328.527-D, e domicilio a efectos de notificación na rúa Rosalía de Castro, nº 80-4ºB, en Viveiro, para realizar o entronque á rede de abastecemento de auga, para a finca con referencia catastral 27067AO26006360000XG, sita en Caseria, Pallaregas.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	P.E. 63
Diámetro da acometida	32
Lonxitude da acometida	5
Terreo	Asfalto
Observacións	Ten que realizar ampliación da red existente en P.E. 63 nunha lonxitude de

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

40 m.

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal.

Resultando que por parte do arquitecto municipal se establece unha fianza de 300,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de abastecemento de auga solicitado por D. Vicente Novo Cibreiro, debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 141,92 euros, segundo o art. 6.1 da Ordenanza e depositar unha fianza para responder da reposición do firme afectado, por un importe de 300,00 euros.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Urbanismo e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

A.- XUN/108/2015.- 34883705L BEN PAJON, HUGO SOLICITANDO BAIXA NO REXISTRO DE CANS DE RAZA PERIGOSA POR FALECIMENTO.

Vista a solicitude de D. Hugo Ben Pajón, de data 17 de novembro de 2015, para dar de baixa a inscrición dun can de raza perigosa que figura inscrito polo falecemento do mesmo.

Visto que no expediente consta a baixa do REGIAC de data 12 de novembro de 2015.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda.

Primeiro.- Dar de baixa no rexistro municipal de cans de raza perigosa o animal que figuraba inscrito, co microchip nº 981098102277125, propiedade de D. Hugo Ben Pajón, por acreditarse o seu falecemento.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó interesado.

B.- XUN/109/2015.- 07219918B ORDOÑEZ CASTILLO, FRANCISCO JOSE SOLICITANDO A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D. Francisco José Ordóñez Castillo, con DNI 07.219.918-B, e domicilio na Misericordia, nº 77, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>250 % IPREM
Aportación económica:	60%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	40%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Anual.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. Francisco José Ordóñez Castillo, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación ó interesado.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

C.-15.11.24/VAR.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN POR NON SUBIDA DO IPC. EXERCICIO 2014.

Visto o escrito de D. Luis Morón Soto, en calidade de Xerente de Zona da empresa VIAQUA, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., no que se expón que en data 23 de outubro de 2013 se rexistrou no Concello por parte de dita empresa a solicitude de subida de tarifas para o ano 2014 co IPC interanual a setembro (3,8%), tal e como establece o contrato do servizo e que dado que a citada actualización non se levou a cabo, adxuntan o cálculo da perda de ingresos de Viaqua no citado ano, solicitando que sexa aprobada ó seu favor unha subvención por dito importe, que cifran en 33.330,51 euros e que se faga efectivo o pago da mesma.

Visto o informe emitido pola Interventora Municipal, no que se sinala que segundo o contrato suscrito con Viaqua en data 17 de decembro de 2003, o criterio máximo de actualización das tarifas é o IPC interanual de setembro, estando pendente de aplicar dende o ano 2013, correspondendo a súa aplicación, así como o artigo 11 do prego de condicións que rixe a contratación, fiscalizando favorablemente a aprobación e recoñecemento en concepto de subvención pola non actualización do IPC (3,7%) no ano 2014, polo importe de 35.698,73 euros (IVE incluído), segundo o cálculo efectuado polos servizos económicos deste Concello presentado o 16 de novembro de 2015 e comprobado pola intervención municipal, sinalando que existe consignación orzamentaria na aplicación 1610.479 do orzamento prorrogado vixente, non procedendo xuros de demora.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar e recoñecer a favor da empresa Viaqua, en concepto de subvención pola non actualización do IPC (3,7%) no ano 2014, respecto ó contrato suscrito co Concello en data 17 de decembro de 2003, o importe de 35.698,73 euros.

Segundo.- Notificar o presente acordo ós interesados.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Intervención, Tesourería e Contratación para o seu coñecemento e efectos.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

7.- CORRECCIÓN DE ERRO.

A.-15.11.24/ERR.- CORRECCIÓN DE ERRO CORRESPONDENTE Ó EXPTE. A.-URB/188/2015 .- 33758681V ROMEO PALMEIRO, RAMON.

Visto que en data 4 de novembro de 2015 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a D. Ramón Romeo Palmeiro para legalización e remate de obras na cuberta dunha vivenda sita en Iglesia, nº 7, parroquia de Galdo-Viveiro, de referencia catastral 000701400PJ13A0001BB.

Visto no referido acordo de concesión de licenza, en consonancia co establecido no informe técnico, establecíase o seguinte: *“O interesado debe depositar unha **fianza de 2.500,00 euros** na Tesourería Municipal en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.”*

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 18 de novembro de 2015, no que se sinala que no informe técnico emitido para a concesión da licenza se establecía a referida fianza en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción, e que unha vez advertido pola propiedade de que para a realización das obras recollidas no acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de novembro de 2015, non se afectan terreos do espazo público e constatándose tal circunstancia, entende que non é necesario establecer fianza algunha.

Visto o informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, no que se sinala que, segundo o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. Manifesta que neste caso se trata dun erro de feito advertido polo arquitecto municipal, debendo proceder de oficio á súa rectificación, deixando sen efecto o contido do punto quinto do acordo da Xunta de Goberno Local do 4 de novembro actual, no relativo á obriga de constitución de fianza por importe de 2.500,00 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZIOKE

Expediente

Fecha

26-11-15 15:01

Primeiro.- Acordar a rectificación de oficio do erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de novembro de 2015, deixando sen efecto o contido do punto quinto do mesmo, no que se estableceu a obriga do interesado de constitución dunha fianza de 2.500,00 euros en garantía da reparación dos posibles danos en espazos públicos á hora de realizar as obras, por canto non existen tales espazos segundo se constata no informe do arquitecto municipal.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo para a súa notificación ós interesados.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

8.- RECOÑOCIMIENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

A.-15.11.24/FAC.- APROBACIÓN DE FACTURAS.

Vista a proposta da Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fenández Fernández, coa conformidade da Intervención, que recolle facturas e obrigas, co seguinte listado:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento	Expediente	Fecha
XUNZIOKE		26-11-15 15:01

